

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 profesores/profesoras**, dun total de 7, que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 14 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **3** da lista de candidatos.

6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **17 de novembro, ás 16:30 horas**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense, 4 de novembro de 2022

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.:

